

## PERÍFRASES VERBAIS

Perífrases temporais		
IR + INFINITIVO	Futuridade	Vou ir de vacacións
HABER(DE)+INFINITIVO	Futuridade	Heivos traer algo de Sarria
ESTAR A/PARA +INFIN.	Futuridade inmediata	Aínda non veu, mais está a chegar
QUERER+INFINITIVO	Futuridade inmediata	Mira, quere chover
PRET.HABER(DE)+INFIN.	Acción a piques de suceder que non sucedeu	Houben caer ao chan
Perífrases modais		
HABER(DE)+INFINITIVO	obligativa	Has(de)facer o que che pida
HABER QUE+INFINITIVO	obligativa	Hai que portarse mellor
TER QUE/DE +INFINITIVO	Obrigativa	Tes que/de saír máis cedo
DEBER(DE)+INFINITIVO	Obrigativa	Debe (de) mellorar para aprobar
DEBER (DE)+INFINITIVO	Hipotética	Aquí debe (de) vivir un gaiteiro
PODER+INFINITIVO	Hipotética	Pode mellorar o tempo
Perífrases aspectuais		
SER A +INFINITIVO	Imperfectiva	Todos eran a querer saír por alí
ESTAR A +INFINITIVO	Imperfectiva	Estamos a ter mala sorte
ANDAR A +INFINITIVO	Imperfectiva	Andan a facer unha ponte
SEGUIR A +INFINITIVO	Imperfectiva	Seguía a orballar
LEVAR A +INFINITIVO	Imperfectiva	Leva a traballar desde as seis
IR A+INFINITIVO	Imperfectiva	Sempre vai a correr polo xornal
VIR A +INFINITIVO	Imperfectiva	Veño a ler un libro diario
ESTAR+XERUNDIO	Imperfectiva	Estamos sendo os mellores
ANDAR+XERUNDIO	Imperfectiva	Andan pintando o garaxe
SEGUIR+XERUNDIO	Imperfectiva	Segue saraibando
LEVAR+XERUNDIO	Imperfectiva	Leva conducindo desde a mañá
IR+XERUNDIO	Imperfectiva	Sempre vou conducindo eu
VIR+XERUNDIO	Imperfectiva	Veño lendo un libro á semana
ACABAR DE+INFINITIVO	Perfectiva	Acabo de apagar o móbil
DEIXAR DE +INFINITIVO	Perfectiva	Deixa de te queixares

VIR DE +INFINITIVO	Perfectiva	Veño de estudar Matemáticas
DAR+PARTICPIO	Perfectiva	Non dei lido o libro para onte
LEVAR+PARTICPIO	Perfectiva	Xa levo lidos tres libros
TER+PARTICPIO	Perfectiva	Cando chegue xa teño acabado
BOTAR(SE) A+INFINITIVO	Incoativa	Botouse a chorar sen motivo
COMEZAR/EMPEZAR A+INFINITIVO	Incoativa	Comezou a dicir parvadas e marchamos
DAR EN+INFINITIVO	Incoativa	Deu en ler novelas do oeste
ROMPER A+INFINITIVO	Incoativa	A pota rompeu a ferver
SOLTARSE A+INFINITIVO	Incoativa	Soltouse a falar moi noviña
PÓR / POÑER(SE) A +INFINITIVO	Incoativa	Púxenme a contar ovellas
VIR A+INFINITIVO	Terminativa	Por fin veu a saberse a verdade
CHEGAR A+INFINITIVO	Terminativa	Chegará a facer unha boa obra
ACABAR POR+INFINITIVO	Terminativa	Acabei por entrar dentro
VOLVER A+INFINITIVO	Reiterativa	Se mo volves contar igual, créote
TER +PARTICPIO	Reiterativa	Eu xa teño estado alí